

I Concurso Fotográfico 'Abellas ao voo'

A **Agrupación Apícola de Galicia**, con domicilio en Camiño Pontón, 25A · 32890 · O Pontón —Barbadás, Ourense—; e número de C.I.F. V-32252496, organiza o I Concurso Fotográfico 'Abellas ao voo', que se rexerá en conformidade coas seguintes bases:

PARTICIPANTES

Poderá participar neste concurso calquera persoa física ou xurídica maior de 18 anos residente en España, xa sexa unha afeccionada á fotografía ou fotógrafa profesional.

PRAZO

O prazo de participación dará comezo o día **20 de marzo ás 11.00 h e finalizará o 5 de abril ás 11.00 h**. As fotografías publicadas con anterioridade ou posterioridade ao prazo aquí disposto, non terán validez e non se terán en conta a efectos do concurso. O xurado emitirá o seu fallo dentro dos 15 días posteriores ao remate do concurso. Faranse públicos os gañadores a través da páxina web da Agrupación Apícola de Galicia, así coma das redes sociais —Facebook e Instagram— da mesma.

PRESENTACIÓN

Este concurso versa sobre o universo da apicultura e, en concreto, das abellas na súa relación co medio natural. Para entrar no concurso, as instantáneas participantes terán como obxectivo captar a beleza das **abellas na súa cotiandade**, mentres interactúan coa contorna: nos colmeares, coas flores, con outros elementos da natureza...

Cada participante poderá presentar un **máximo de 2 fotografías**, podendo gañar só un premio. As fotografías deben de ser orixinais e inéditas, non se aceptarán montaxes nin collages, e a autoría debe de ser do propio participante.

As fotografías participantes han de estar en alta resolución e enviarse á organización a través dun correo electrónico dirixido a: feira@apicoladegalicia.com. No mail de envío no que se adxunten, tamén deberá especificarse:

- Nome do autor
- Dirección postal
- Correo electrónico
- Teléfono de contacto
- Título da fotografía
- Lugar onde se tomou

REDES SOCIAIS

Ademais do envío a través do correo electrónico, cada participante ha de subir as fotografías coas que concursa ao seu Facebook e/ou ao seu Instagram, etiquetando nas mesmas á Agrupación Apícola de Galicia —[@agrupacionapicoladegalicia](https://www.instagram.com/agrupacionapicoladegalicia)—. O



obxectivo será conseguir o maior número de 'me gusta' posible, posto que repercutirá na puntuación que acade no final do concurso. Se un participante sube a súa fotografía a ambas redes sociais, o número de 'me gusta' acadado en cada unha delas sumarase para obter a cifra total final.

O perfil de Facebook e/ou de Instagram do concursante no que subise a imaxe ha de estar aberto, para que así a organización poida acceder ao contido da fotografía.

É imprescindible que a Agrupación Apícola de Galicia estea etiquetada na imaxe ou esta será directamente descalificada.

ADXUDICACIÓN DOS PREMIOS

O xurado estará composto por tres persoas: un membro da Agrupación Apícola de Galicia, un fotógrafo profesional e un membro dunha axencia de publicidade. Eles serán os encargados de valorar as diferentes fotografías participantes. A beleza, a creatividade e a calidade serán algúns dos criterios a ter en conta á hora de outorgar os premios.

Por outra banda, o resultado acadado nas redes sociais tamén terá o seu peso no veredicto final, concretamente, co seguinte reparto:

Valoración do xurado:

- De 1 a 8 puntos.

Valoración en Redes Sociais:

- A fotografía que máis 'me gusta' obteña recibirá 2 puntos directos.
- A segunda fotografía que máis 'me gusta' obteña recibirá 1,5 puntos directos.
- A terceira fotografía que máis 'me gusta' obteña recibirá 1 punto directo.

PREMIOS

O xurado concederá os seguintes galardóns:

- **Primeiro premio:** 500 euros.

Patrocinado por Calier



- **Segundo premio:** 300 euros.

Patrocinado por Biopyc



- **Terceiro premio:** 200 euros.

Patrocinado por Véto-pharma



O día **20 de abril** faranse públicos os gañadores do concurso. A organización contactará coas persoas gañadoras a través do teléfono e/ou mail que se facilitase



previamente no correo electrónico de participación. A forma de entrega dos agasallos —poderá ser recollida presencial ou mediante envío— definirase posteriormente en base á situación sanitaria existente nese momento.

DEREITOS DE IMAXE

As imaxes non deben infrinxir dereitos de terceiros, nin incluír persoas identificables sen o seu correspondente consentimento. Evidentemente, non deben incumprir ningunha lei nin amosar contidos que poidan ser considerados ofensivos, racistas, difamatorios, inadecuados ou, en xeral, que non sexan apropiados. Do mesmo xeito, cada participante garante que as súas fotografías compren con tódalas condicións e criterios descritos nestas bases e asumirá en exclusiva calquera responsabilidade derivada do quebrantamento destas garantías.

Aquelas fotografías que, a xuízo da Agrupación Apícola de Galicia, non cumpran cos obxectivos e criterios establecidos nas bases, non serán consideradas nin poderán participar, podendo a organización descualificar ao participante.

DEREITOS DE USO

Os dereitos de autor das imaxes corresponden aos seus autores. Tódolos participantes comprométese a ceder os dereitos de explotación das fotografías presentadas a concurso para a súa publicación na páxina web da Agrupación Apícola de Galicia —apicoladegalicia.com—, así coma para a súa difusión a través das redes sociais da mesma. As imaxes incluso poderán usarse con fines promocionais, sen que os autores poidan pedir compensacións a cambio pola súa utilización.

ACEPTACIÓN DAS BASES LEGAIS

A participación neste concurso implica, por si mesma, a aceptación das bases e o fallo do xurado en tódalas resolucións derivadas do concurso e da elección dos gañadores. A falta desta aceptación por parte do participante comportará a exclusión do concurso.

As bases publicaranse na web: www.apicoladegalicia.com

A Agrupación Apícola de Galicia resérvase o dereito de anular, prorrogar, recortar ou modificar o concurso se as circunstancias así o obrigan, sen ter que xustificar a decisión e sen que se lle poida reclamar ningún tipo de responsabilidade como consecuencia; sempre que non prexudique os dereitos adquiridos polos participantes.

Calquera reclamación en relación á promoción, entrega do premio, etc. deberá realizarse dentro do período de quince días naturais a contar desde o último día do concurso.

FISCALIDADE

Algúns dos premios deste concurso poden constituír ganancias patrimoniais, polo que pode estar suxeito á normativa aplicable do imposto sobre a renda das persoas físicas no momento da obtención dos mesmos.



PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos dos participantes no concurso tratanse conforme ás disposicións do Regulamento (UE) do 27 de abril, Xeral de Protección de Datos, e demais lexislación aplicable —Lei Orgánica de Protección de Datos, entre outras—. Estes datos integraranse nun ficheiro cuxo responsable e titular é a Agrupación Apícola de Galicia, quen poderá tratalos exclusivamente coa finalidade de xestionar a participación no concurso, a entrega dos premios obxecto do concurso e/ou fins de publicidade ou prospección comercial por calquera medio incluído o correo electrónico.

A base que lexitima este tratamento é o consentimento do interesado. Os datos non serán cedidos nin comunicados a terceiros, con excepción daqueles que sexan imprescindibles para o cumprimento das obrigas legais —Administracións Públicas, entre outras—.

O tratamento dos datos levarase a cabo con total confidencialidade e aplicando as medidas de seguridade que garantan a súa confidencialidade, integridade e dispoñibilidade. Conservaranse durante a celebración do concurso e, unha vez finalizado, manteranse unicamente o tempo que sexa preciso para satisfacer o cumprimento de obrigas legais, fiscais e administrativas ás que os participantes e a Agrupación Apícola de Galicia se vexan obrigadas.

Así mesmo, os participantes teñen dereito ao acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade dos datos tratados. Pode exercer estes dereitos comunicándose coa Agrupación Apícola de Galicia a través do enderezo electrónico oficina@planapicola.com.





Agrupación Apícola de Galicia
oficina@planapicola.com

